



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 26 DE OUTUBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do día 26 de outubro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 24 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira (asiste aos puntos 1a, 1b e 2a)
D^a. María Jesús Lago Rey (asiste a todos os puntos agás o 1a, 1b e 2a)

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2b, 2c, 3a, 3b, 5a, 6a, 6c, 6d, 7a, 7c, 7d e 8a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2a, 2c, 4a, 5a, 6a, 6c, 6d, 7a, 7c, 7d e 8a)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste ao punto 4b)
D. Antonio Vivero Mijares (asiste aos puntos 6b e 7b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na **orde do día**:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 19 de outubro de 2016

Apróbase a acta da sesión do 19 de outubro de 2016 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

b) Acta da sesión do 21 de outubro de 2016

Apróbase, con correccións, a acta da sesión do 21 de outubro de 2016 cos votos de D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela e D^a. María Jesús Lago Rey.

2.- Apertura da documentación administrativa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 04:53	Páxina 1 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAE44-E4CD4C-334BB5-83HSNW-87QB5T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250) (emenda de documentación)

A secretaria informa aos membros da Mesa que o 21 de outubro de 2016 se requiriu a emenda da documentación persoal ás seguintes empresas:

- OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA, SLU: Declaran dispor da clasificación G-4-2, pero ao licitar a dous lotes (3 e 4) necesitan a G-4-3. En consecuencia, a solvencia técnica que declaran resulta insuficiente segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.
- OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA: Non declaran dispor da clasificación esixida no prego, que ao licitar a dous lotes (3 e 4) sería a G-4-3. En consecuencia, a solvencia técnica que declaran resulta insuficiente segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.
- OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL: Declaran dispor da clasificación G-4-3 pero non indican a que lotes licitan. En consecuencia, deberán aclarar a que lotes se presentan, e no caso de que liciten a máis de dous lotes deberán dispor da clasificación G-4-4 esixida polo prego, pois a clasificación declarada (G-4-3) resultaría insuficiente.
- UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VÍAS E OBRAS, SL: FEVISA VÍAS E OBRAS, SL declara dispor da máxima clasificación esixida no prego, non entanto, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU non declara dispor de ningunha clasificación. Para poder ser admitida a UTE neste procedemento, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU debería estar cando menos clasificada, polo que deberá emendar a súa declaración responsable neste senso.

Durante o prazo concedido presentaron documentación as seguintes empresas:

- a) OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL: aclaran que concorren aos lotes 2 e 4, polo que a clasificación que declaran é suficiente (G-4-3).
- b) UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VÍAS E OBRAS, SL: indican que NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU está clasificada (C-6-A).
- c) OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA, SLU: recoñece que non cumpre as esixencias previstas no apartado 6A das FEC, xa que dispón da clasificación G-4-2, insuficiente para licitar aos lotes 3 e 4, para os que presentou a súa oferta, e solicita retirar a oferta presentada para o lote 3 e manter a súa oferta para o lote 4.

Tras a cualificación da documentación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade:

1. Admitir a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL, á UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VÍAS E OBRAS, SL e a OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA, SLU (que retira a súa oferta para o lote 3 e mantén a do lote 4) por ter emendado a documentación persoal conforme ao esixido no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 04:53	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAE44-E4CD4C-334BB5-83HSNW-87QB5T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento.

2. Excluir a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA, por declarar unha solvencia técnica insuficiente ao abeiro do previsto na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación e o apartado 6A do seu Anexo I (non consta que teñan a clasificación G-4-3 esixida para licitar a dous lotes, 3 e 4) e non ter presentado documentación ningunha durante o prazo concedido para a súa emenda.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333)

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados.

Á vista do anterior e tras a cualificación da documentación persoal dos licitadores presentados nesta licitación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:

- a) Admitir inicialmente neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:
 1. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL
 2. COPCISA
 3. PROYCOGA, SA
 4. CONSTRUCCIONES OREGA, SL
 5. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL (ACEVI)
 6. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA
- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles a REFORVIGO, SL para que emenden a documentación presentada xa que a solvencia técnica e profesional que declaran resulta insuficiente: indica na súa declaración “*tendo realizado no ano 2013 (ano de máxima execución do período) obras ou traballos análogos por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato*”, se ben a relación de contratos que achega correspóndese coas anualidades 2014 e 2015. Calculado o importe total dos contratos executados en cada unha destas dúas anualidades compróbase que é insuficiente á vista do esixido na cláusula 8 e apartado 9 do Anexo II do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440)

A secretaria pon en coñecemento dos membros da Mesa que con data 25 de outubro de 2016 o Rexistro Xeral expediu certificado sobre as ofertas presentadas neste



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 04:53	Páxina 3 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AB AE44-E4CD4C-334BB5-83HSNW-87QB5T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

procedemento no que se fai constar “que se recibiu unha oferta o día 21-10-2016, nº documento 160140933, da empresa OGMIOS PROYECTO, SL, sen que conste a súa previa comunicación por fax”.

Segundo a cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares “as proposicións poderán ser presentadas por correo. Só se admitirán as proposicións presentadas nas oficinas de Correos ata as 24 horas do último día do prazo establecido para a presentación de proposicións. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar ó Rexistro Xeral do Concello de Vigo a remisión da proposición mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos dez días seguintes á indicada data sen terse recibido a documentación enviada por correo, esta non será admitida en ningún caso”. Téndose presentado a oferta nas oficinas Correos, sen que conste a previa comunicación ao Rexistro Xeral polos medios previstos no prego, e recibida a documentación no Rexistro Xeral o 21 de outubro de 2016 (fóra do prazo concedido, que remataba o 19), non se cumpren os requisitos para a admisión da proposición de OGMIOS PROYECTO, SL.

Presente na sesión o xefe do Servizo de Administración Electrónica informou que o Concello non ten problemas técnicos nas recepcións vía fax.

A continuación, abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados e admitidos.

Á vista do anterior e tras a cualificación da documentación persoal dos licitadores presentados nesta licitación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:

- a) Non admitir neste procedemento á empresa OGMIOS PROYECTO, SL, por non cumprir os requisitos de presentación das proposicións previstos na cláusula 14.4 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) Admitir inicialmente neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:
 1. CIVIS GLOBAL, SLU
 2. AVAN INTEGRAL, SL
 3. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL
 4. CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA
 5. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
 6. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL
 7. UTE ACEVI, SL E MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL
 8. UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU
 9. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA E ALVAC, SA
 10. UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL E CONSTRUCCIONES DELFINFERREIRO RODRIGUEZ, SL
 11. ORECO, SA
 12. COPCISA, SA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 04:53	Páxina 4 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AB AE44-E4CD4C-334BB5-83HSNW-87QB5T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

13. CONSTRUCCIONES VALE, SL
14. CONSTRUCTORA SAN JOSE, SA
15. NAROM, SL
16. MISTURAS, SA
17. EXTRACO, SA
18. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU
19. ESPINA Y DELFIN, SL
20. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA - MARCONSA
21. ELSAMEX, SA

- c) Outorgar un prazo de tres días hábiles á UTE CONSTRUCCIONES OREGA, SL E CONSTRUMAX DE CONTRATAS, SL para que emenden a documentación presentada, concretamente a declaración da empresa CONSTRUMAX DE CONTRATAS, SL:
1. No punto 6, referente a estar ao corrente no pagamento de salarios e Seguridade Social dos traballadores do seu cadro de persoal, consta a empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL en lugar de CONSTRUMAX DE CONTRATAS, SL.
 2. No punto 14 referente á concorrencia a esta licitación en UTE, deberá aclarar con que empresa concorre, ao constar na declaración que concorre coa mercantil CONSTRUCCIONES DELFÍN FERREIRO RODRÍGUEZ, SL, constando no detalle das porcentaxes a empresa CONSTRUCCIONES OREGA, SL, empresa que asina a outra declaración responsable que se achega neste sobre.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333)

Non se trata este asunto porque non punto 2b se acordou outorgar un prazo de tres días hábiles a REFORVIGO, SL para emendar a documentación persoal.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440)

Non se trata este asunto porque non punto 2c se acordou outorgar un prazo de tres días hábiles á UTE CONSTRUCCIONES OREGA, SL E CONSTRUMAX DE CONTRATAS, SL para emendar a documentación persoal.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 04:53	Páxina 5 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAE44-E4CD4C-334BB5-83HSNW-87QB5T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	LOTE 1 (€)	LOTE 2 (€)	LOTE 3 (€)	LOTE 4 (€)
OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRIA, SLU				263.780,00
PAVIMENTACIONES MORALES, SL	443.570,16	375.253,86		
CONSTRUCCIONES RECORSA, SA		390.518,63		260.980,24
NAROM, SL	556.143,88	460.370,29	306.089,59	302.891,31
CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, SA	400.121,61	341.063,39	182.582,44	229.393,88
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	540.415,83	466.840,16	202.998,61	326.760,25
OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL		353.112,79		208.299,01
HORDESCON, SL	405.853,61	348.661,04	179.460,33	248.496,91
UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, SL	399.073,08	342.428,58	175.817,86	245.936,71
EXTRACO, SA	527.972,61	447.785,91	228.005,14	301.669,94
MISTURAS, SA	523.708,57	443.571,48	226.413,99	299.818,64
CONSTRUCCIONES VALE, SL		422.916,22	209.548,94	
JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, SA	574.458,32	505.896,84	275.511,24	353.819,58
ELSAMEX, SA	421.092,34	363.796,99	182.857,92	255.626,08
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL	496.796,69	417.692,73	201.315,08	298.007,21
CONSTRUCCIONES RAFER, SL	462.220,00	392.645,00	212.609,10	280.599,00
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL	454.476,00	402.688,00	215.017,00	285.318,00
ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, SL	489.247,23	415.674,71	210.834,51	279.179,92
AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, SA (ACOVAL)	573.899,09	484.943,93	246.096,06	320.615,76
NEMESIO ORDOÑEZ, SA	518.606,25	407.958,34	203.365,92	278.628,49
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, SA	611.646,42	531.242,13	280.071,97	356.458,56

Asisten á sesión pública D^a. Daniela López Agudelo, con NIE Y-3893725, en representación de NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU; D. Emilio Iglesias Fernández, con DNI 44.448.343-S, en representación de OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL; e D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113)

En acto público abriuse o sobre C “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA” das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 04:53	Páxina 6 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAE44-E4CD4C-334BB5-83HSNW-87QB5T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Licitadores		Prezo equipos de sobremesa	Prezo monitores	Prezo tablets	Incremento prazo garantía (meses)
1	APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, SL	342,82	143,42	349,12	10
2	TELINCO INFORMÁTICA, SLU	245,00	117,00	389,00	12
3	INFORHOUSE, SL	399,00	149,00	399,00	6
4	SISTEMAS Y COMUNICACIONES INFOSER, SL	395,65	149,64	394,00	-
5	PAZ DISMAC, SL	317,02	117,45	315,92	2
6	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, SAU	395,00	149,53	399,00	-
7	SIVSA SOLUCIONES INFORMÁTICAS, SA	334,32	144,60	361,66	10
8	TECNOLOGIAS PLEXUS, SL	347,70	147,00	398,00	-
9	HERBECON SYSTEMS, SL	380,00	122,00	364,00	10

Non asiste público á sesión.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

5.- Estudo e, no seu caso, aceptación, dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Corbal (3892-440)

A secretaria informa aos membros da Mesa que, á vista do acordo adoptado na sesión do 13 de outubro de 2016 de inicio do procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP con varias das empresas presentadas por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, con data do 14 de outubro concedeuse un prazo de tres días ás empresas que deseguido se relacionan para os efectos de que puidesen formular alegacións e a documentación oportuna para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións:

1. CONSTRUCCIONES FECHI SLU
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S L
3. HORDESCON, SL
4. ORESA, SL
5. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU
6. COPCISA, S A
7. CONSTRUCCIONES OREGA, SL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 04:53	Páxina 7 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AB AE44-E4CD4C-334BB5-83HSNW-87QB5T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Presentan documentación en prazo HORDESCON, SL e COPCISA, S A

A continuación entréganse os informes do xefe da Unidade da OSPIO do 20 de outubro de 2016 nos que fai constar que ningunha das dúas empresas anteriores xustifica correctamente as súas baixas (“*non se pode chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato*”).

6.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Corbal (3892-440)

Entrégase o informe do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 21 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre C e proposta de clasificación.

b) Procedemento negociado para a contratación do subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA (49.533-212)

Retíranse os informes do xefe de Área de Seguridade e Mobilidade de datas 24 e 25 de outubro 2016 sobre valoración do sobre B “proposta técnica e económica”. No entanto, á vista de que só concorre un único licitador e o único criterio de adxudicación e materia obxecto de negociación é a redución do prezo do contrato, a mesa acorda, por unanimidade, iniciar a negociación coa empresa VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS E CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, SL (VEICAR).

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro (fase 1) (3970-440)

Entrégase o informe do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos de data 25 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440)

Entrégase o informe do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos de data 25 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”. Nel fai constar que a proposición presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL “*inclúe información doutra obra dentro da documentación recollida no sobre B*”.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Corbal (3892-440)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 04:53	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAE44-E4CD4C-334BB5-83HSNW-87QB5T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Acéptase o informe do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 21 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre C e proposta de clasificación e acórdase, por unanimidade dos membros da Mesa, á vista deste informe e dos informes do xefe da Unidade da OSPIO do 20 de outubro de 2016, propoñer ao órgano de contratación a exclusión das empresas que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas:

1. CONSTRUCCIONES FECHI SLU
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S L
3. HORDESCON, SL
4. ORESA, SL
5. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU
6. COPCISA, S A
7. CONSTRUCCIONES OREGA, SL

b) Procedemento negociado para a contratación do subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA (49.533-212)

Non se trata este asunto porque foron retirados os informes do xefe de Área de Seguridade e Mobilidade de datas 24 e 25 de outubro 2016 sobre valoración do sobre B “proposta técnica e económica”

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro (fase 1) (3970-440)

Acéptase o informe do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos de data 25 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440)

Acéptase o informe do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos de data 25 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” e acórdase, por unanimidade dos membros da Mesa, excluír á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL xa que segundo o informe citado a súa proposición avaliable mediante xuízo de valor “inclúe información doutra obra dentro da documentación recollida no sobre B” e, consecuentemente, non se axusta ao disposto no prego de prescricións técnicas (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación).

8.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Corbal (3892-440)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 04:53	Páxina 9 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAE44-E4CD4C-334BB5-83HSNW-87QB5T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 7 de setembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan por non ter presentado correctamente a documentación persoal:

1. ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, SL
2. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL

Segundo.- Excluir ás empresas que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo os informes do xefe da Unidade da OSPIO do 20 de outubro de 2016:

1. CONSTRUCCIONES FECHI SLU
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S L
3. HORDESCON, SL
4. ORESA, SL
5. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU
6. COPCISA, S A
7. CONSTRUCCIONES OREGA, SL

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL	86,18
2	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA	86,03
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	86,00
4	CIVIS GLOBAL, SLU	85,82
5	OGMIOS PROYECTO, SL	85,73
6	MONTAJES J M IGLESIAS, SL	85,07
7	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL	84,32
8	CONSTRUCTORA SAN JOSE, SA	83,85
9	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA	83,62
10	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	83,43
11	NAROM, SL	83,14
12	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	82,21
13	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU - CONSTRUCCIONES RAMIREZ SLU	81,87
14	ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	76,66
15	ELSAMEX, SA	76,14
16	GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	19,18

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 04:53	Páxina 10 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AB AE44-E4CD4C-334BB5-83HSNW-87QB5T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATAÇÃO

desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 640,20 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

9.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (3319-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición presentada e admitida neste procedemento na seguinte orde descendente:

Empresas	Puntuación
<i>Plantas de Levante, SL</i>	<i>55 puntos</i>



Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PLANTAS DE LEVANTE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 886,14 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, Plantas de Levante, SL, o día 7 de outubro de 2016, que presenta a documentación requirida o 20 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de outubro de 2016 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade, requirir a PLANTAS DE LEVANTE, SL para que no prazo de tres días hábiles emendase a declaración responsable achegada para a acreditación da solvencia técnica, no senso de detallar o obxecto dos contratos relacionados.

Durante o prazo concedido, o 25 de outubro de 2016, a empresa presentou unha declaración responsable na que aclaraba o obxecto dos contratos.

Á vista do anterior, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 04:53	Páxina 12 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAE44-E4CD4C-334BB5-83HSNW-87QB5T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PLANTAS DE LEVANTE, SL, de acordo cos informes de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e da proposición avaliable mediante fórmula do 30 de setembro e do 6 de outubro 2016, respectivamente, asinados polo xefe da Área de Servizos Xerais.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PLANTAS DE LEVANTE, SL, o procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (3319-106) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 122.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.260,33 euros.*
- *Propón un incremento da superficie a decorar nas seguintes zonas:*

Incremento en zonas adxacentes aos seguintes espazos	m²
Espazo público entre a rúa Urzáiz e a rúa Manuel Núñez	2
Praza de Urzáiz (espazo público inmediateiro Farola)	8
Rúa Príncipe (diante do MARCO, laterais e escaleiras)	10
Rúa Príncipe (mediana entre MARCO e Porta do Sol)	1
Rúa Eduardo Iglesias (mediana entre rúa Príncipe e rúa Progreso, ata a xardineira central existente)	1
Rúa Velázquez Moreno (xardineira existente diante edificio sede do Celta)	2
Porta do Sol (xardín efímero)	6
Praza da Constitución (7 ángulos interiores praza)	2
Praza da igrexa (diante da Concatedral)	1



Gran vía (contorna monumento redeiros)	2
Praza da Pedra (laterais do acceso ao Mercado da Pedra)	1

- *Incrementa o stock de seguridade esixida no prego nun 2% de elementos decorativos navideños.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspedes artificial no campo de fútbol Monte da Mina - Castrelos (15121-333)

Retírase este asunto co obxecto de requirir á empresa clasificada en primeiro lugar o depósito da garantía complementaria esixida no apartado 10B do Anexo I (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

AFL

Vigo, 26 de outubro de 2016

O presidente da Mesa de Contratación

Francisco Javier Pardo Espiñeira

María Jesús Lago Rey



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 04:53	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAE44-E4CD4C-334BB5-83HSNW-87QB5T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		